

A MOZA DO CORO

Urška Djukić, 2025

1744

ESTREA EN NUMAX: 15.05.2026 | V.O.S.E. | +12 | 89 min

Lucija, unha moza introvertida de 16 anos, únese ao coro feminino do seu colexio católico, onde entabla amizade con Ana-Marija, unha alumna popular e segura de si mesma. Durante un retiro de fin de semana nun convento rural, o interese de Lucija por un atractivo obreiro de ollos escuros porá a proba a súa amizade con Ana-Marija e as demais rapazas. Mentres se adapta a unha contorna descoñecida e descobre a súa sexualidade nacente, Lucija comeza a cuestionar as súas crenzas e valores, perturbando a harmonía do coro.

«Djukić, unha voz prometedora:
unha madurez rara vez vista no
cinema adolescente»

David Opie, INDIEWIRE



Entrevista con Urška Djukić: «Quixen explorar a voz feminina, que foi silenciada ao longo da historia»

Cando empezou a pensar nesta película, cal foi a chispa inicial? A chispa inicial do proxecto xurdiu en 2018, cando vin un concerto dun coro de nenas eslovenas. Cando as escoitei cantar por primeira vez, enchéronseme os ollos de bágoas. Conmomeume profundamente o poder desas voces, dunhas mozas a piques de converterse en mulleres, ata o punto de que tiven que conter as miñas emocións para non romper a chorar no medio do concerto. Había algo profundamente importante na forza destas voces femininas, a miúdo silenciadas ao longo da historia. Tamén había tres sacerdotes sentados entre o público, que estaban tan conmovidos coma min. Chamoume a atención esa escena tan inusual: homes adultos que vivían en celibato, escoitando a unhas nenas que irradiaban unha enerxía de pleno despertar sexual. É algo que me impactou fondamente e que necesitaba explorar. E a miña resposta emocional foi a través do medio cinematográfico.

Crearon un coro especificamente para a película? Como elixiu as cancións? Fixemos audicións e seleccionamos a unhas 30 mozas, xunto ás catro actrices que xa elixiramos, que tiñan pouca ou ningunha experiencia no canto. Entón empezou o traballo duro. O coro dirixíao unha gran música, Jasna Žitnik, que tamén foi a mentora do actor Saša Tabaković para dirixir e liderar o coro na película. Interesábanme especialmente as cancións populares eslovenas que puidesen complementar as escenas co seu contido e atmosfera. Para o final da película, utilizamos unha antiga pregaria italiana suxerida pola nosa colaboradora, a cantante Irena Tomažin. Xunto cun grupo de cantantes, adaptouna e interpretou as escenas nas que as monxas cantan nunha cova e baixo unha fervenza. Todos puidemos sentir a enerxía desa antiga oración purificadora. A película termina coa icónica canción "Little Trouble Girl" de Sonic Youth, que inspirou o título da película e resume á perfección a súa narrativa e a súa esencia temática.

Parece unha película moi privada, dá a sensación de que se inspira en experiencias íntimas. Ao mesmo tempo, presenta moitos elementos cristiáns: o mosteiro, as monxas e unha dinámica familiar conservadora. Ata que punto é privada esta historia e cales foron os puntos de partida para o seu enfoque? Empecei explorando a voz feminina, que foi silenciada ao longo da historia. Iso levoume á incómoda relación coa sexualidade, o pecado e os sentimentos de culpa. A través dunha moza sensible, moldeada polas convencións sociais do pecado, quería profundar en como unha persoa nova atopa o seu propio poder interior. O sentimento de culpa ao redor dos instintos naturais é algo que eu mesma experimentei mentres crecía. Aínda que a miña familia non era estritamente relixiosa, a miña nai educoume segundo as ideas católicas tradicionais do que debía ser unha "boa moza". Máis adiante, deime de conta de que esas ideas, sobre todo as relacionadas coa imaxe corporal, a vergoña e a sexualidade, son ríxidas e torpes. Quería explorar os misterios dos sentidos como ferramentas para comprendernos a nós mesmas. Creo que o tabú que rodea á sexualidade fíxonos incapaces de comprender ou aproveitar plenamente o seu potencial. Diría que é importante permitírnos escoitar e confiar na nosa intuición, mesmo cando contradí as normas sociais. As persoas profundamente conectadas cos seus corpos son menos doadas de controlar porque confían máis na súa guía interna que nas directrices externas. Na película, Lucija cuestiona as súas sensacións físicas internas fronte ás normas e as expectativas sociais que moldean e limitan o noso comportamento. Ao final, a través dunha experiencia corporal transcendental e catártica, decide seguir a súa intuición en lugar dos dogmas.